

**REFLEXIÓNS SOBRE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL,
RESPONSABILIDADE PÚBLICA E A SUSTENTABILIDADE MEDIOAMBIENTAL**Elena Inglada Galiana (elenaig@eco.uva.es)José Manuel Sastre Centeno (manolo@eco.uva.es)Departamento de Economía Financiera e Contabilidade. Facultade de Ciencias
Económicas e Empresariais, Universidade de Valladolid (España)**Resumo**

O artigo expón a problemática que supón promover a sustentabilidade por medio da responsabilidade social e a responsabilidade pública. Ámbalas dúas adoptan unha ética cidadá que enlaza co humanismo, a protección ao medio ambiente e o desenvolvemento económico necesario para proporcionar os elementos materiais que garantan un nivel de vida digno. A problemática estriba en que os dous termos da ecuación sexan compatibles para que cheguen a unha solución. A responsabilidade social e a social empresarial son dous factores necesarios para establecer un marco social dinámico e sostible dentro dunha estrutura capitalista, o cal obriga a cidadáns e empresas a un consumo responsable e a un investimento responsable e sostible. A responsabilidade dos poderes públicos é procurar as medidas coercitivas necesarias para manter o equilibrio. E a dos tres factores, cidadáns, empresas e poderes públicos, será loitar por unha sustentabilidade posible.

Palabras chave: Responsabilidade, sociedade, sustentabilidade, investimento, prezo xusto, humanismo.

CLAVES ECONLIT: M140, O130, O440

Reflections on social responsibility, accountability and sustainability

Abstract.

The article discusses the problems posed by the promotion of sustainability through social responsibility and public accountability. Both adopt a citizen ethic linking with humanism, environmental protection and the economic development needed to provide the material elements that ensure a decent standard of living. The problem is that both terms of the equation need to be consistent to find a solution. Social and corporate social responsibility are two factors needed to establish dynamics and a sustainable social framework within a capitalist structure, which require citizens and companies to develop responsible consumer habits and responsible and sustainable investment strategies.

The role of government is to ensure the enforcement measures necessary to maintain the balance. And the three factors, citizens, businesses and public authorities, to fight for a potential sustainability.

Keywords: Responsibility, partnership, sustainability, investment, fair price, humanism

1. INTRODUCCIÓN

Aínda cando a eclosión da responsabilidade social e pública asociada á sustentabilidade é un concepto que parece moi moderno, ten un longo percorrido na sociedade en xeral e no sector empresarial en particular. Certo que non sempre foi denominada así, pero o proceso que levou ao actual concepto iniciouse na primeira revolución social e foi considerado por economistas tan clásicos como Adam Smith, que advertiu sobre a necesidade de que a sociedade apoiase e controlase as actividades dos promotores de negocios dado que a ética cidadá non podía ser ignorada por eles.

Tanto os socialistas utópicos, o caso de Robert Owen en *New Lanark*, un proxecto fundado en 1785 e que durou ata 1968, ou os desenvolvementos cooperativistas dos socialistas cristiáns, sen esquecer os precursores que se poden clasificar máis dentro do humanismo, como o caso de Peter Corneluis Plockboy (1659) ou John Bellers (1695), atopan no cooperativismo unha maneira de asumir a responsabilidade social, a pública e un factor de sustentabilidade.


Incluso podemos atopar a responsabilidade, tanto a social como a pública, en obras como *A República* de Platón (428-347 a. de C.), *Utopía* de Tomás Moro (1480-1535), *A Nova Atlántida* de Francis Bacon (1561-1626) ou *A Viaxe a Icaria* de Etienne Cabet (1788-1856), que revelan un forte interese en organizar unha sociedade máis xusta, equitativa, fraternal, que suprima as desigualdades e preserve o patrimonio común da humanidade.

A Revolución Industrial (1750-1850) cambiou o panorama produtivo pasando do traballo manual, a manufactura, á produción maquinizada, a fabril, o cal tivo amplas consecuencias na industria e na economía, pero máis aínda na sociedade e, consecuencia desta incidencia no social, produíxose a formación de dúas clases que se fixeron fundamentais no século XIX e XX: a burguesía e o proletariado.

Non foron as únicas consecuencias. Se ben o estadio anterior, identificado co Antigo Réxime, non era nin moito menos un paraíso na Terra, as novas relacións entre os individuos que conformaban as dúas clases entraron en conflito practicamente de inmediato. O capitalismo salvaxe por unha banda e o Estado en mans da clase burguesa, provocou que as clases obreiras, durante este primeiro período da Revolución Industrial, se viran abocadas á fame e á explotación.

As onerosas condicións de traballo sumáronse a un deterioro do medio ambiente, especialmente o medio ambiente no que vivían os proletarios, sen que existisen institucións interesadas nin no benestar da meirande parte da poboación, nin nos efectos da industrialización sobre o devandito medio ambiente.

Gráfico 1º.- *Índice de Desenvolvemento Humano e o nivel de consumo dun país medido segundo a impresión ecolóxica.*



A Gráfica avalía o Índice de Desenvolvemento Humano e o nivel de consumo dun país medido segundo a pegada ecolóxica. (Fonte: New East Foundation, 2009).

O gráfico anterior amosa a pegada ecolóxica, sendo esta un indicador do impacto ambiental xerado pola demanda humana que se fai dos recursos existentes nos ecosistemas do planeta, relacionándoa coa capacidade ecolóxica da Terra de xerar os seus recursos, New East Foundation (2009).

Neste contexto aparecen as primeiras tentativas de promover alternativas á situación existente, dende uns sinais iniciais de responsabilidade social que, enlazando con etapas anteriores, foron o substrato dos desenvolvementos futuros. As formulacións cooperativas son a primeira das propostas para unha oposición activa, non tanto á Revolución Industrial como ás súas consecuencias sociais e medioambientais.

Estas proposicións están dentro dunha segunda revolución que se desenvolve paralelamente á Revolución Industrial e, en boa parte, é consecuencia dela. Trátase da Revolución Liberal que partindo das convulsións, especialmente as intelectuais, do século das Luces levan cara finais dos séculos seguintes, o XIX e o XX, a unha nova concepción da economía, a industria, a sociedade e, de maneira especial, a introdución da variable do medio ambiente.

2.- A introdución do concepto de responsabilidade

O concepto de responsabilidade social no século XIX e comezos do XX exprésase a través de doazóns de tipo filantrópico por parte das grandes corporacións, empresas en xeral e algúns magnates, que se canalizan a través de institucións como as Universidades ou entidades adicadas ás obras sociais. Esta situación mantense ata o crack de 1929, no que se produce unha ampla controversia sobre a responsabilidade social das empresas e, máis concretamente, dos seus directivos. A cuestión debatida centrábase en se a responsabilidade das empresas era para cos seus accionistas ou coa súa comunidade.

En 1953 aparece un libro titulado *Social Responsibilities of the Businessmen* de Bowen no que se fala, por primeira vez, das responsabilidades sociais dos empresarios e das súas actuacións con respecto aos obxectivos e necesidades das contornas sociais nas que están asentadas.

A partir deste momento, a expansión do concepto e, o que é máis importante, da concienciación de amplos sectores empresariais na necesidade dunha nova política de colaboración coa sociedade, consecuencia do recoñecemento das corporacións da súa responsabilidade, cambiou a concepción da empresa e a percepción pola sociedade da devandita empresa como un organismo, cando menos, indiferente aos avatares sociais ou, en ocasións, francamente enfrontada á súa contorna.

Porén, na década dos oitenta, hai un certo retroceso na asunción de responsabilidades sociais polas empresas a consecuencia do neoliberalismo que, comezando polos EE.UU., estendeuse por todo o mundo. Foi, de momento, a última reacción do capitalismo e a libre empresa, seguramente consecuencia da desaparición da URSS. Os anos noventa e primeiros do século XXI recuperaron o pulso sobre a responsabilidade social das empresas de maneira paralela a varios grandes escándalos, que se denunciaron neses anos nos que grandes corporacións vulneraron os dereitos dos cidadáns¹. Pero tamén se asociou este rebrote da

¹ Como os escándalos da WorldCom por un multimillonario fraude contable; Enron, que provocou a caída de Arthur Andersen ou Tyco que se trata máis ben dunha estafa ou sinxelo roubo, iso si, multimillonario tamén.

responsabilidade das empresas a unha forte preocupación de todo o mundo polos deterioros do medio ambiente que comezaron a evidenciarse como altamente preocupantes.

Na actualidade, a responsabilidade social, xunto coa política, enmárcase nun movemento global que inclúe a responsabilidade medioambiental, a ética empresarial, a ética cidadá e a responsabilidade política que, en conxunto, conforman unha nova ideoloxía humanista, cuxos obxectivos son aumentar o nivel de vida pero máis especialmente a calidade da mesma en todo o mundo.

2.1.- Definicións

A Responsabilidade Social é unha estratexia de vida e tamén unha ética. Quijano (1998: 172) considera que é necesario *"...asumir a responsabilidade social como o locus para desenvolver e exercer a integridade ética, a formación para o entendemento social, a sensibilidade estética, a idoneidade profesional, a solidariedade social e a conciencia ambiental"*.

Non existe, na doutrina, un consenso sobre unha definición da responsabilidade social empresarial xa que, en boa parte, esta depende da perspectiva dende a que se aborda a cuestión. O Libro Verde da Unión Europea sobre RSE, defínea como: *"Integración voluntaria, por parte das empresas, das preocupacións sociais e medioambientais nas súas operacións comerciais e nas súas relacións cos seus interlocutores"*.

Unha definición máis ampla é a do Foro de Expertos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (2005), que di que é: *"...ademais do cumprimento estrito das obrigas legais vixentes, a integración voluntaria no seu goberno e a súa xestión, na súa estratexia política e procedementos, das preocupacións sociais, laborais, medioambientais e de respecto aos dereitos humanos que xorden da relación e o diálogo transparentes cos seus grupos de interese, responsabilizándose así das consecuencias e os impactos que se derivan das súas accións. Unha empresa é socialmente responsable cando responde satisfactoriamente ás expectativas que sobre o seu funcionamento teñen os distintos grupos de interese"*.

Para Moneva (2005: 43) a RSE é *"introducir elementos de dirección e de xestión orientados a innovar e mellorar o impacto das empresas, de forma que xeren externalidades socialmente responsables"*.

Aldo Olcese (2014), liga a RSE coa sustentabilidade das empresas a longo prazo e di que *"...o mundo da empresa pode e debe construír unha proposta de valor fronte ao conxunto da cidadanía, mediante a que se poida garantir mellor a sustentabilidade das empresas a longo prazo, tanto en rendibilidades como no seu impacto positivo na sociedade no seu conxunto"*.


Un grupo de especialistas na materia opina que a primeira responsabilidade social dunha empresa é ofrecer bos produtos, a un prezo axeitado e obter beneficios. Entre eles está Drucker que di sobre a RSE: *"Sabemos que a súa primeira responsabilidade social é facer o seu traballo. Sabemos que, en segundo lugar, son responsables do seu impacto sobre as persoas, e a comunidade en xeral. E sabemos, finalmente, que actúan de modo irresponsable se van máis aló do necesario para realizar a súa tarefa, sexa esa coidar enfermos, producir bens ou promover o ensino"*.

2.2.- A responsabilidade pública

O problema da responsabilidade pública das empresas tamén depende da perspectiva dende a que se analice. Unha empresa pode ser moi responsable

socialmente e contribuír ao benestar da súa contorna social e, incluso, a promover a calidade de vida dos cidadáns, incluída a sustentabilidade da propia empresa, do medio local e do medio ambiente xeral, pero se o produto é antisocial, pode esa empresa considerar que cumpre cos seus compromisos sociais?

Gráfico 2º.- Consumo de combustibles fósiles.



Consumo de combustibles fósiles. O problema dos combustibles fósiles é que as súas emisións de CO2 atacan á sustentabilidade do medio ambiente e favorecen o efecto invernadero. Pero, por outra banda, é un recurso cun alto poder calorífico (Fonte: Síntese do MEM, 2012. CNEA)

O exemplo máis paradigmático son as empresas que producen e venden tabaco. Se a responsabilidade social da empresa se limita a "facer o seu traballo" a tabaqueira cumpre cos requisitos, e mesmo pode cumprilos excelentemente. Pero se a empresa debe ser "responsable do seu impacto sobre as persoas", a tabaqueira, os fabricantes de armas, ou os de bebidas alcohólicas, non cumpren coa súa responsabilidade pública dado que os seus produtos afectan negativamente á sociedade.

En tanto que a responsabilidade non é un valor que queda pechado dentro do ámbito individual, senón que transcende cara aos outros, cara á sociedade. A responsabilidade, ou non responsabilidade, dunha empresa proxéctase sobre a sociedade na que está inserta². Toda a actuación pública da empresa, e os produtos que produce, son a maior das súas exposicións públicas, incide na sociedade e as consecuencias que provoca na mesma non só son públicas senón tamén políticas.

A responsabilidade pública das empresas está no que producen, pero tamén en como o produce. As empresas son responsables dos seus sistemas de produción como o son dos impactos que o produto pode ocasionar na sociedade. Esta

² Marrero (1999, p. 124-125) di ao respecto: "Todo acto humano acarrea consecuencias sociais, polo tanto, ningunha acción persoal se debe acometer prescindindo das súas consecuencias nos outros. Pola contra, a edificación do ben común demanda de cada actuación individual a consideración política das consecuencias ou repercusións sociais, e obriga entón a enderezar, en todo caso, os logros do interese particular en función do social, en orden ao ben común".

responsabilidade é tanto social como pública por canto internaliza a responsabilidade, pero tamén a externaliza.

Hai dúas formas de ver estas responsabilidades: deixalas en mans dos valores que poida ter a propia empresa e os seus conceptos de responsabilidade ou establecer controles sobre as empresas. Na práctica coexisten as dúas formas, as empresas están interesadas en preservar o medio ambiente e os poderes públicos aínda máis. O cal implica unha colaboración, non sempre chea de boa vontade, non sempre efectiva, pero necesaria.

Neste contexto, a responsabilidade pública da empresa enfróntase directamente coa problemática da sustentabilidade, o terceiro dos factores que nos propuxemos enlazar no concepto xeral da responsabilidade empresarial.

2.3.- A sustentabilidade

O desenvolvemento sostible, para Harlem Brundtland (1987) é *"aquele que garante as necesidades do presente sen comprometer as posibilidades das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades"*³.

A sociedade actual ten un problema grave para compaxinar a economía globalizada, a necesidade de aumentar os beneficios das empresas, a demanda de calidade de vida, a presión demográfica, o consumo de enerxías non renovables e a demanda da sociedade de medidas que protexan o medio ambiente e promovan o desenvolvemento humano sostible. O problema está na capacidade da humanidade para compaxinar todas estas variables.


Nas últimas décadas o concepto de desenvolvemento humano foi obxecto de fondos análises e de accións das máis importantes institucións mundiais, especialmente das Nacións Unidas a través do seu programa para a Poboación e o Desenvolvemento (PNUD). Os investimentos nestes programas centráronse, de maneira máis concreta, na axuda a grupos necesitados para un aumento da calidade de vida e proporcionarlles un futuro que lles permita satisfacer as súas necesidades básicas.

Ao concepto de desenvolvemento humano asócianse valores sociais como a liberdade, a democracia, os dereitos humanos, e o dereito ás oportunidades de mellorar a vida. Neste aspecto hai unha case unanimidade na doutrina sobre a necesidade de reducir as diferenzas entre os diversos estamentos sociais no aspecto económico e educativo. Moreno et al. (2010) entenden que dende esta *perspectiva o crecemento económico sería entón un compoñente máis do proceso de expansión de dereitos e capacidades*. O cal está moi ben formulado, pero segue o problema sen atopar unha solución clara.

A sustentabilidade é tan importante para a sociedade como para as propias empresas. Estas últimas enfróntanse con dous tipos de sustentabilidade, a da sociedade da que forman parte e a da propia empresa. Non son dúas posicións incompatibles, pero polo xeral están nun difícil equilibrio que, como xa dixemos, predixo Drücker hai máis de trinta anos.

³ No seu informe ás NN.UU. *Our Common Future*.

Gráfico 3º.- Consumo de Enerxía



(Fonte: BP Annual Report, 2011)

Definicións de sustentabilidade hai moitas e, como con respecto ás definicións das responsabilidades, dependen do punto de vista dende o que se analicen. En síntese, a sustentabilidade é cubrir as necesidades da humanidade na actualidade sen hipotecar a dispoñibilidade de recursos das xeracións futuras. Para iso, débese atopar un equilibrio entre o gasto de recursos e a súa capacidade de renovación.

Difícilmente pódense atopar recursos que sexan inesgotables. E os poucos que existen chegan do exterior: o calor solar, por exemplo. O resto son recursos con limitacións. Certo que os hai máis limitados e outros menos, tamén os hai que están máis expostos a desaparecer, como as enerxías fósiles, e outros que se albiscan como menos problemáticos, como a auga. En calquera caso, os recursos naturais cos que contamos son, a curto ou a longo prazo, limitados.

Porén, o desenvolvemento sostible implica unha serie de factores e obxectivos con dificultades para compaxinalos cun medio ambiente limpo e unhas enerxías renovables. O desenvolvemento sostible é, en principio, desenvolvemento, ou sexa, maior consumo de enerxías, sexan cales sexan. É tamén desenvolvemento económico, o cal implica maior consumo de enerxías por canto o devandito desenvolvemento implica unha mellor calidade de vida e maior benestar social o cal se traduce en maior gasto de enerxías, Regueiro Ferreira (2013). Certo que o reto é acadar todo isto sen esgotar os recursos, permitindo a súa renovación, mantendo o medio ambiente e asegurando os recursos para as futuras xeracións. A cuestión é a posibilidade ou non de acadar estes obxectivos⁴.

⁴ O informe Brundtland é crítico co actual desenvolvemento económico que se ben proporciona un bo desenvolvemento económico e aumenta a calidade de vida, faino sobre a base dun alto custo medioambiental. Neste informe de 1987 elaborado para as NN.UU., utilízase por primeira vez o concepto desenvolvemento sostible que o informe define como: "enténdese por desenvolvemento sostible o que conduza ao crecemento económico, á elevación da calidade de vida e ao benestar social, sen esgotar a base dos recursos naturais renovables no que se sustenta nin deteriorar o medio ambiente ou o dereito das xeracións futuras a utilizalo para a satisfacción das súas propias necesidades".


2.4.- *Cales son os novos paradigmas?*

A Responsabilidade social formúlase como unha ética sobre o común, o público. Significa realizar unha valoración da realidade que nos arrodea sobre a base dos criterios de democracia, xustiza e equidade. É verdade que as éticas están directamente relacionadas coas sociedades e ademais son conxunturais. Polo que os valores que predominan na entrada ao terceiro milenio son propios da sociedade que nos rodea: a do coñecemento e a información.

Isto implica que estes valores que teñen un forte compoñente comunicacional, e se transmiten rapidamente e a súa incidencia na sociedade é a través de redes que se constrúen continuamente. Son valores comúns e compartidos, pero tamén son valores que se constrúen, como as redes, continuamente e son así mesmo criticados continuamente.

Polo que debemos considerar a responsabilidade social como un principio válido para a sociedade occidental do século XXI, que pretende, a devandita sociedade, establecer unha civilización baseada nos principios e valores das declaracións universais de dereitos e, asemade, respectar os dereitos das futuras xeracións ás que se quere legar unha Terra que poida dar unha vida de calidade.

Gráfico 4º.- *Previsións da produción de petróleo e gas entre 1950 e 2050*




(Fonte: Jean Laherrere, Comments on BP Statistical, 2013).

Nesta mesma ética e con estes mesmos valores, a Responsabilidade social empresarial céntrase na xeración de emprego, a construción de riqueza, a innovación tecnolóxica, e o cumprimento das súas obrigas para co Estado. Estes obxectivos pódense acadar segundo os modelos clásicos procurando o maior beneficio no mellor espazo de tempo posible ou dende unha perspectiva de responsabilidade social (Moreno et al., 2010).

Cada vez máis empresas entenden que é compatible unha actuación socialmente responsable fronte aos seus empregados e fronte á sociedade, cos seus beneficios a medio ou longo prazo. É máis, unha decidida acción de responsabilidade social pode aumentar os seus beneficios e posicionar á empresa nun lugar de liderado no mercado. A aplicación de normas de responsabilidade social na empresa xa é un valor engadido que se pode publicitar no mercado.

É o caso das normas ISO 26000, que definen a responsabilidade social⁵ dunha organización fronte aos impactos da mesma na sociedade e no medio ambiente "mediante un comportamento ético e transparente", que respecte á lexislación e ás normativas internacionais sobre as relacións das industrias coa sociedade e o medio ambiente e que contribúa ao desenvolvemento sostible, entre outros valores que considera a norma, debe a empresa defender e adoptar.

Gráfico 5º.- Diferenzas entre as emisións de CO2 relacionadas coas emisións per cápita.



Fonte: (División de Estadísticas da ONU e Almanaque Mundial, 2009).

A globalización cambiou os modelos de relacións entre a empresa e a sociedade e, consecuentemente, cambiou os paradigmas que se desenvolveron ao longo da revolución Industrial e os séculos seguintes. Certo que a sustentabilidade só é un deles, quizabes o máis importante en determinados contextos, pero un deles. Outros como a transparencia, a legalidade, o rexeitamento da explotación e dos beneficios desmesurados, son agora preocupacións dos cidadáns.


Especialmente, estes últimos descubriron o poderosa que é a sociedade cando actúa en conxunto. Pode afundir unha empresa se se nega a comprar os seus produtos e esta negativa non ten, en certos casos, nada que ver coa calidade ou o prezo do produto, senón co comportamento ético da empresa e a súa falta de responsabilidade social empresarial.

⁵ ISO 26000 define a responsabilidade social como a "responsabilidade dunha organización perante os impactos que as súas decisións e actividades ocasionan na sociedade e no medio ambiente, mediante un comportamento ético e transparente que contribúa ao desenvolvemento sostible, incluíndo a saúde e o benestar da sociedade; tome en consideración as expectativas das partes interesadas; cumpra coa lexislación aplicable e sexa coherente coa normativa internacional de comportamento, e estea integrada en toda a organización e se leve á práctica nas súas relacións".

3.- A empresa perante unha sociedade que tomou o mando

As empresas, a comezos do século XX, están á defensiva fronte aos consumidores. A proliferación de entidades privadas de control das empresas e de defensa dos consumidores, significou unha nova relación entre empresa e consumidor, entre empresa e sociedade. A sociedade esixe á empresa un compromiso social que vai máis aló de ofrecer un bo produto garantizado e a un prezo aceptable.

Gráfico 6º.- *Compoñentes da pegada do carbono.*



(Fonte: Carbon footprint Press).

Na actualidade esixe que o produto sexa manufacturado por produtores que non sexan explotados en lugares do mundo afastados, que na súa produción non se atente contra o medio ambiente, que a empresa sexa solidaria coas necesidades dos máis desfavorecidos e coopere coas institucións no aumento da calidade de vida dos cidadáns.

Por outra banda, a responsabilidade social das empresas tamén significa a responsabilidade nos investimentos da empresa, por exemplo nunha innovación responsable que, como importante factor de competitividade, está sometida a presión para acadar maior produtividade. E a produtividade acadada sobre a base de innovacións en moitos casos traspasa os límites éticos da sociedade.

Malia que non só a empresa debe ser responsable perante a sociedade, tamén o cidadán ten a súa cota de responsabilidade social, por exemplo con respecto ao consumo responsable. Os cidadáns deben actuar responsablemente ao consumir produtos porque para fabricar produtos é necesario o consumo de enerxía e materias primas, en moitos casos, non renovables. O consumo responsable é a aportación do cidadán á sustentabilidade.

No Anexo A3 incluimos uns comentarios complementarios sobre o consumo de enerxía e os actores da responsabilidade social empresarial. Destacamos neste senso o papel das empresas, o Estado e os cidadáns.

4.- O comercio xusto como exemplo de responsabilidade social cidadá e responsabilidade social dunha empresa

No Anexo A4 incluímos algunhas reflexións sobre o comercio xusto, relacionadas coa responsabilidade cidadá, o investimento empresarial socialmente responsable, a economía sostible e o papel do Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas (CERSE).

Na Lei 3/2011 dise no preámbulo que a *Estratexia para unha economía sostible* aprobada polo Consello de Ministros en novembro de 2009, e que é en boa parte o contido da Lei, pretende "*servir a un novo crecemento, a un crecemento equilibrado, duradeiro: sostible. en tres sentidos: economicamente, isto é, cada vez máis sólido, asentado na mellora da competitividade, na innovación e na formación; medioambientalmente, que faga da imprescindible xestión racional dos medios naturais tamén unha oportunidade para impulsar novas actividades e novos empregos; e sostible socialmente, en canto promotor e garante da igualdade de oportunidades e da cohesión social*", que resume a intencionalidade da devandita Lei.

5. Conclusións

A responsabilidade social en xeral, a responsabilidade social empresarial e a pública son factores esenciais tanto na construción da sociedade do coñecemento e da información- en realidade de calquera sociedade- e tamén na sustentabilidade da devandita sociedade. Isto é, que a sociedade teña un futuro nos nosos decedentes.

Dixemos que se trata en esencia dun problema ético, e así é, pero está interrelacionado cun problema de supervivencia. A sustentabilidade xa non é un factor que pode ser obxecto de debates teóricos, senón que se presenta como un problema para as próximas xeracións, non afastadas, senón as inmediatas.

O problema formulado polos atentados contra o medio ambiente, tanto na súa destrución por contaminación como polo seu consumo non renovable, poder ter unha solución na responsabilidade social que incida na actuación tanto dos poderes públicos como das empresas e, posiblemente, atoparase unha solución a medio prazo.

Porén, cando se fala de responsabilidade social introdúcense outras variables como a calidade de vida e o acceso ás vantaxes materiais que proporcionan os bens de consumo, que non son máis que a expresión material da calidade de vida, o acceso á educación, ou a ampliación das expectativas de vida, que nalgúns países son moi reducidas. A todo iso ten dereito calquera ser humano. Pero formula un problema, a capacidade da Terra de producir os bens necesarios para isto.

É máis, con toda certeza as enerxías non renovables e as materias primas que tampouco o sexan vanse esgotar antes ou despois, non son enerxías que se poidan eternizar. O cal obriga á procura de enerxías renovables e ao uso consciente das materias primas, reutilizándoas. A verdadeira responsabilidade social está, en primeiro termo, en acadar un equilibrio entre o gasto individual, social e de toda a humanidade e a capacidade de produción do planeta e, en segundo termo, nunha partilla equitativa do producido. Outra cousa son os criterios de equidade que non son obxecto deste traballo.

Bibliografía

- AA.VV. (2005): *Responsabilidad social de las empresas*. Foro de Expertos. Ministerio Trabajo y Asuntos sociales, Madrid.
- Aldo Olcese, J. A. (2014): *La responsabilidad social, motor del cambio empresarial. Una propuesta española para Europa y América latina*. McGraw Hill, Madrid.
- Álvarez Civantos, O. y Carbonell, X. (2006): *Mercado sostenible y responsabilidad social. Hacia la responsabilidad de los actores sociales*. Comares, Granada.
- Boff, L. (2013) *La sostenibilidad. Qué es y qué no es*. Sal Terrae, Madrid.
- Bowen, H. R. (1953): *Social responsibilities of the businessman*. Harper, Nueva York.
- Capriotti Peri, P. y Schulze Lepe, F. (2010): *Responsabilidad social empresarial*. EBS, Barcelona.
- Comisión Europea. (2001). Libro verde: fomentar un marco europeo para la responsabilidad social de las empresas. UE, Bruselas.
- Correa, Juan G. (2007): Evolución histórica de los conceptos de responsabilidad social empresarial y balance social. *Semestre Económico*, Vol. 10, No. 20, 89-95.
- Drucker, P. (1989): *Las nuevas realidades*. Edhasa, Barcelona.
- Epstein, J. Marc. (2009). *Sostenibilidad empresarial*. ECOE, Barcelona.
- Gil, A.M. y Barcellos, L. (2011): Los desafíos para la sostenibilidad empresarial en el siglo XXI. *Revista Galega de Economía*, Vol. 20, No 2.
- Jiménez Herrero, L. M. (2000) *Desarrollo sostenible. Transición hacia la coevolución global*. Pirámide, Madrid.
- Marrero, J. (1999): *Teoría y Práctica del bien común*. Ifedec, Caracas.
- Moneva, J. M. (2005): Información sobre responsabilidad social corporativa: situación y tendencias. *Revista Asturiana de Economía*. RAE, 43-67.
- Moreno A.; Uriarte, L. M. y Topa, G. (2010): *La responsabilidad social empresarial. Oportunidades estratégicas organizativas y de recursos humanos*. Pirámide, Madrid.
- Navarro García, F. (2008): *Responsabilidad social corporativa: Teoría y Práctica*. ESIC, Madrid.
- Quijano Valencia, O. (1998): *Responsabilidad social: Un compromiso con la comprensión histórica y la superación del traumático presente*. Universidad del Valle, Cali.
- Regueiro Ferreira, R. (2013): Energías renovables y sostenibilidad: ¿claves de acceso al bienestar?. *Revista Galega de Economía*, Vol. 22, No extraordinario, 265-264.